

-RESOLUCION DA ALCALDÍA-

Visto a memoria xustificativa asinada pola alcaldía na data 22.04.2021 que figura no expediente de contratación nº 126/2021 do servizo de: ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN E IMPLANTACIÓN DA ADECUACIÓN Á L.O. 3/2018, DE 5 DE DECEMBRO, E DESIGNACIÓN EXTERNA DO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS.

Vista a documentación preparatoria incorporada ao expediente, os Pregos de prescricións técnicas e o de cláusulas administrativas de datas 21.04.2021 e 22.04.2021 respectivamente, elaborados para a licitación do servizo e en cumprimento do establecido na LCSP.

A vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía de acordo coas competencias que lle veñen atribuídas a esta Alcaldía por el artigo 21 da Lei 7/1985, Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público RESOLVE:

PRIMEIRO: Declarar válida a presente licitación.

SEGUNDO: Aprobar o expediente de contratación nº 126/2021 de licitación do servizo de "ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN E IMPLANTACIÓN DA ADECUACIÓN Á L.O. 3/2018, DE 5 DE DECEMBRO, E DESIGNACIÓN EXTERNA DO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS NO CONCELLO DA CAÑIZA", incluído o PPT e o PCAP que rexerán nesta contratación e demais documentación incorporada ao expediente.

TERCEIRO: Autorizar e aprobar o gasto con cargo a partida 2021 / 4 / 920 / 22799 / 01 por importe de 12.402,98 euros.

CUARTO: Decretar a tramitación do expediente polo procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación.

QUINTO: Que se publique o anuncio de licitación na plataforma de contratos do sector público por un prazo de 15 días, no perfil do contratante do concello e no portal de transparencia da sede electrónica, para que toda persoa física ou xurídica con capacidade de obrar presente a súa correspondente oferta.

SEXTO: Nomear os seguintes membros da Mesa de contratación
Presidente - Sr. Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue. Luis Antonio Gómez Piña Vogais
O/a Secretario/a Xeral. María Jesús Rodríguez Freire
O/a Interventor/a Xeral. Diego Rodríguez Rodríguez
Secretario/a da Mesa- Un administrativo/a do Concello. Mª Angeles Rodríguez Varela

Respecto á Mesa de contratación, cumprírase o establecido no Real Decreto 817/2009, de 8 de mayo.

Documento asinado electrónicamente por LUIS ANTONIO GÓMEZ PIÑA, Alcalde do Concello de A Cañiza, dando fe do mesmo, MARÍA JESÚS RODRÍGUEZ FREIRE Secretaria do Concello.

